

DESEÑO

Directrices Xerais para o CURSO ACADÉMICO 2016-2017.

Marco legal

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

O Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, (BOE 298, de 10 de decembro) de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece que a avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, (DOG 120, 29 de xuño) polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orden ECD/1941/2016, (BOE nº 309, do 22 de decembro) pola que se determinan as características, o deseño e o contido da proba da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade

Currículo

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, (DOG 120, 29 de xuño) polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Directrices

A análise realizada do deseño curricular da materia “Deseño” e a súa situación dentro da modalidade de Artes do bacharelato LOMCE fainos chegar a conclusións moi similares ás que chegaron o Grupo de Traballo LOXSE da materia “Fundamentos do Deseño” e o Grupo de Traballo LOE de esta materia, da que é herdeira. Destas conclusións xorden as seguintes reflexións e directrices xerais:

1º O labor docente debe incidir nos dous primeiros bloques dos contidos, base fundamental da primeira parte da proba xunto cos primeiros epígrafes dos tres seguintes. Os contidos dos tres bloques finais, “Teoría e Metodoloxía do Deseño”, “Deseño Gráfico” e “Deseño do Produto e do Espazo”, serán a base da segunda parte da proba, coa finalidade de que o alumno faga unha proposta elemental de deseño.

2º Trátase dun deseño curricular ambicioso que debería requirir unha coordinación importante coas materias de Debuxo Técnico, no relativo ó coñecemento adecuado dos sistemas de representación (diédrico, axonométrico, perspectiva lineal), debuxo artístico e técnicas de expresión gráfico-plástica no que fai referencia ó coñecemento de técnicas gráficas de representación.

Neste sentido constatábase a necesidade de manter unha total coordinación coas materias encargadas de impartirlos coñecementos antes citados, evitando duplicidades que reducirían (no seu caso) horas de docencia aos contidos base.!

A nova situación, que permite que o alumno curse Deseño sen cursar estas materias, obriga a incidir na formación de contidos e coñecemento de sistemas de representación e técnicas gráficas de representación.

Estrutura e organización da proba

Os criterios de elaboración dos modelos de probas manterá este curso os fixados nos pasados anos académicos de PAU. Na súa estrutura estarán/seguirán compostos por dúas opcións con dous apartados en cada unha delas:

No primeiro apartado de cada opción pedirase, sobre un/s deseño/s (gráfico/s, obxecto/os, de espazo/s), que o alumno realice unha análise e/ou comentario crítico daquel. Esta análise-comentario crítico estará baseada fundamentalmente nos bloques un e dous dos contidos, aínda que tamén deben recoller reflexións extraídas dos bloques catro e cinco.

O segundo apartado de cada opción consistirá en realizar unha proposta elemental de deseño alternativo ó/s presentado/s no primeiro apartado. O desenvolvemento desta proposta estará baseada fundamentalmente nos bloques tres, catro e cinco dos contidos. Na solución ou proposta final será necesario considera-las reflexións extraídas, ás hipóteses formuladas e ós comentarios e análises críticas do primeiro apartado. A proposta sera exposta como resultado dos estudos previos (análises/gráficos) realizados mediante esquemas e esbozos a man alzada.

O alumno poderá utiliza-los sistemas de representación e as técnicas gráficas que considere máis adecuados, e a cor.

Criterios xerais de avaliación

Mantéñense os mesmos que se estableceron para as antigas PAU

Fíxase unha cualificación máxima de 3 puntos para o primeiro apartado de opción e un máximo de 7 para o segundo, considerando:

APARTADO 1 DE OPCIÓN: 3 puntos

En función dos comentarios/análises críticas dos elementos, obxectos ou espazos propostos.

APARTADO 2 DE OPCIÓN: 7 puntos

Bocexos / Proceso de deseño.- Atendendo ós estudos previos (análises/gráficos) realizados mediante esquemas e esbozos a man alzada: **2 puntos**

Proposta Deseño Final .-Adecuación da solución ás hipóteses formuladas e ós comentarios/análises críticas do apartado 1: **3 puntos**

Presentación.- Atendendo á correcta utilización dos sistemas de representación (diédrico, axonométrico ou representación lineal) en cada caso, e/ou ás técnicas que o alumnado considere máis adecuadas (incluídas aquí as técnicas con cor). Tamén se terá en conta a organización da información na lámina A3 de representación final: **2 puntos**

Modelo de exame

Na medida en que se manteñen as mesmas características da proba que en cursos precedentes (PAU), seguen sendo validos como referencia os exercicios recolleitos, de anos precedentes, na páxina web da CIUG.